

**RESOLUCIÓN REITORAL DE 1 DE OUTUBRO DO 2019 DE 2ª CONVOCATORIA DE BOLSAS DE MOBILIDADE DA “CÁTEDRA FEMINISMOS 4.0 DEPO-UVIGO” PARA MULLERES MATRICULADAS EN PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO DA UNIVERSIDADE DE VIGO**

A Deputación de Pontevedra, xunto coa Universidade de Vigo, ten como obxectivo, a través da creación da CÁTEDRA DE FEMINISMOS 4.0 a función de promoción da igualdade, a non discriminación e accesibilidade universal das mulleres no ámbito das actuais sociedades da información, e en concreto a promoción e impulso de actividades de investigación e innovación feminista en tódolos ámbitos de coñecemento, priorizando en especial os estudos relacionados coa dixitalización actual da sociedade e o ámbito das STEM (acrónimo en inglés de ciencias, tecnoloxía, enxenería e matemáticas), onde as mulleres están infrarepresentadas e que resulta un espazo cada vez máis relevante nas sociedades do futuro.

Unha vez vista a *Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia*, as disposicións aplicables da *Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións* e as súas normativas de desenvolvemento.

En virtude das facultades que lle outorgan a *Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro, modificada pola Lei 4/2007, do 12 de abril, de Universidades* e o artigo 72 do *Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro*, polo que se aprobaron os estatutos desta universidade,

**ESTA REITORÍA RESOLVE:**

1. Convocar, en réxime de concorrencia competitiva, a 2ª edición de **dúas bolsas** de mobilidade da “CÁTEDRA FEMINISMOS 4.0 DEPO-UVIG” para alumnas de doutoramento da Universidade de Vigo, que serán xestionadas de acordo coas bases reguladoras que figuran no Anexo I.
2. Ordenar a publicación da desta convocatoria e as bases que a regulan nos rexistros da Universidade de Vigo e no [Portal web de bolsas](#) da Universidade.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa*.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

Vigo, 1 de outubro de 2019  
O reitor



Firmado  
digitalmente por  
36023985M MANUEL  
JOAQUIN REIGOSA  
(R: Q8650002B)  
Fecha: 2019.10.01  
13:12:51 +02'00'

Manuel Joaquín Reigosa Roger



## ANEXO I

## BASES QUE REGULAN A 2ª CONVOCATORIA DE BOLSAS DE MOBILIDADE DA "CÁTEDRA FEMINISMOS 4.0 DEPO-UVIGO" PARA O ALUMNADO DE PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO

## 1. OBXECTO

Estas bolsas teñen por obxecto facilitar as estadias en centros de investigación realizadas polas alumnas de programas de doutoramento, para contribuir ao intercambio de coñecemento e a mellora e internacionalización da súa carreira investigadora con relación aos estudos con perspectiva de xénero da actual sociedade dixital (o chamado "machismo dixital").

## 2. REQUISITOS

Poderán solicitar bolsa as mulleres que cumpran os seguintes requisitos:

- Estar matriculada na Universidade de Vigo no período de tutela de tese no curso académico 2018/19.
- Realizar durante o curso 2018/2019 unha estadia en centros de investigación relevantes en perspectiva de xénero radicados fóra de Galicia **entre o 1 de xaneiro e o 30 de outubro de 2019**. A duración da estadia, que se desenvolverá nun único período e centro, terá unha duración **máxima de 60 días**. Quedan excluídas as estadias no país de orixe, no caso de persoas estranxeiras.
- Contar co informe favorable das persoas directoras da tese para a realización da actividade obxecto da bolsa no que se sinala que as actividades que se realizarán durante a estadia de investigación.

Non poderán ter a condición de beneficiaria as persoas nas que conorra algunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 da *Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións*.

## 3. INCOMPATIBILIDADES

As bolsas serán incompatibles con calquera outra bolsas de mobilidade concedida pola Universidade de Vigo e por calquera institución pública ou privada, para a mesma estadia.

Excepcionalmente, cando a axuda concedida non sufrague a totalidade dos gastos, poderá ser compatible con outras axudas sempre que o importe total das axudas non supere os custos reais, para o que a persoa solicitante deberá acreditar documentalmente o custo realizado.

O importe das bolsas en ningún caso poderá ser de tal contía que de xeito illado ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos supere o coste da actividade subvencionada segundo establece o artigo 19.3 da *Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións*.

## 4. DOTACIÓN, CONTÍA E PAGAMENTO

Os fondos destinados a esta convocatoria irán a cargo da aplicación orzamentaria 2019 OORS 131H 481.01 e o importe máximo do crédito orzamentario retido ascende a 7.000 €, para o que se achega o correspondente certificado de existencia de crédito.

A contía máxima, ata o esgotamento do crédito dispoñible, en ningún caso pode superar a cantidade de 3.500 €.

O pagamento efectuarase mediante transferencia á conta bancaria que sinala a alumna na súa solicitude e da que deberá ser titular ou cotitular, en dous prazos:

- O 50% unha vez presentada a documentación que acredite a admisión no centro e período para o que se solicita a estadia,



- O 50% restante unha vez presentada a documentación que acredite a asistencia á estadía na que figuren as datas de inicio e fin, e a xustificación dos gastos de mobilidade acompañada de facturas ou tickets orixinais. A cantidade a ingresar, estará limitada pola cantidade xustificada, se esta é inferior ao importe concedido, tal como establece o artigo 19.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

## 5. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

As alumnas solicitantes deberán encher o formulario electrónico dispoñible no seguinte enlace [https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/formularios/encuesta/cubrir\\_paso1/5840](https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/formularios/encuesta/cubrir_paso1/5840) e presentalo debidamente asinado nos rexistros da universidade ou por calquera dos medios previstos na *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas*.

O prazo de presentación das solicitudes permanecerá aberto dende o día seguinte ao de publicación desta convocatoria **ata o 15 de outubro de 2019**.

As solicitantes deben subir xunto coa solicitude os seguintes documentos:

- Breve resúmo (150 palabras), do traballo de investigación que se vai realizar, xustificando o seu interese.
- Documento que acredite a admisión no centro e período para o que se solicita a estadía.
- Informe da dirección da tese de doutoramento incluíndo un breve resumo do traballo realizado ata o momento pola solicitante.
- No seu caso, copia doutras solicitudes de bolsa para a mesma estadía ou asistencia que se tivesen presentado tanto en institucións, entidades ou fundacións públicas e privadas.

Tamén se lles poderá requirir que achegen aqueles outros documentos que a comisión estime necesarios para a concesión das axudas.

## 6. SELECCIÓN E RESOLUCIÓN

A Sección de Axudas e Bolsas logo de rematar o prazo de presentación de solicitudes e unha vez examinadas estas e a documentación presentada, publicará a **listaxe provisoria de solicitudes admitidas e excluídas**, coa mención da causa de exclusión.

As persoas interesadas disporán de **cinco días hábiles** contados a partir do día seguinte ao de publicación para emendar os erros e a falta de documentación. Para tal fin presentarán o formulario de alegacións nos rexistros da universidade dirixido á Sección de Axudas e Bolsas.

Unha vez revisadas as alegacións, a selección será efectuada pola comisión de avaliación de acordo cos seguintes criterios:

- a. Curriculum Vitae (Max. 4 puntos)
- b. Interese da actividade a desenvolver na estadía en atención ao obxecto da bolsa, en concreto a súa vinculación co ámbito das STEM (3 puntos)
- c. Calidade do centro ou grupo de destino en relación á perspectiva de xénero (3 puntos)

Para a adxudicación da bolsa será necesario obter como mínimo 5 puntos.

A comisión de avaliación está composta por:

*Presidenta:* M. Isabel Doval Ruíz, Vicerreitora de Responsabilidade Social, Internacionalización e Cooperación

*Vogais:*

- Ana Isabel Amoedo Garrido, funcionaria de carreira, traballadora social adscrita ao Servizo de Igualdade da Deputación de Pontevedra.



- Águeda Gómez Suárez, Directora de Área de Igualdade de oportunidades da Universidade de Vigo
- Lucía Muradas Arcay, xefa do Servizo de Igualdade da Deputación de Pontevedra

Unha vez efectuada a selección pola comisión, a Sección de Axudas e Bolsas publicará a **listaxe provisoria de alumnas con bolsa concedida, denegada coa mención da causa de denegación e a listaxe de agarda** para o caso de existir renuncias.

As persoas interesadas poderán presentar alegacións no prazo de **dez días hábiles**, contados a partir do día seguinte á publicación, presentando o formulario de alegacións nos rexistros da universidade dirixido á Sección de Axudas e Bolsas.

Unha vez revisadas as alegacións pola comisión, a Sección de Axudas e Bolsas enviaralle a proposta de **Resolución Reitoral definitiva de alumnas con bolsa concedida, denegada coas causas de denegacion e a listaxe de agarda** ao Reitor, para a súa publicación.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa*.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

Todas as resolucións ás que se refire este punto publicaranse no [Portal de bolsas](#) da Universidade.

Poderán realizarse as comunicacións individuais que resulten necesarias ao correo electrónico sinalado na solicitude, sen que estas teñan a consideración de notificación.

## 7. RENUNCIA

A renuncia voluntaria á bolsa deberá facerse por escrito dirixido á Sección de Axudas e Bolsas. As renuncias aceptadas darán lugar á concesión a seguinte persoa da lista de agarda.

## 8. OBRIGAS

A persoa beneficiaria deberá:

- A) Destinar a axuda á finalidade para a que foi concedida, xustificando a estadía mediante o correspondente certificado.
- B) Enviar á Sección de Bolsas no prazo de **10 días** desde a finalización da actividade subvencionada a documentación que acredite a asistencia ao curso/congreso ou estadía na que figuren as datas de inicio e fin e as documentos de gasto xustificativos do gasto realizado.
- C) No caso de obter unha subvención para a mesma finalidade con posterioridade á solicitude da bolsa, as persoas beneficiarias deberán comunicalo por escrito á Sección de Bolsas.

Ademais a beneficiaria debe cumprir as obrigas recollidas no artigo 14.1 da *Lei 38/2013, de 17 de novembro, Xeral de subvencións*, que lles sexan de aplicación.

## 9. REVISIÓN E REINTEGRO DAS AXUDAS

Son causas de reintegro destas bolsas:



- Non cumprir os requisitos e obrigas recollidas nesta convocatoria.
- A ocultación de datos, alteralos ou manipular a información solicitada.
- Incurrir nalgunha das causas de incompatibilidade establecidas nesta convocatoria.

A persoa beneficiaria que incorra nalgunha destas causas está obrigada a reintegrar á Universidade a cantidade indebidamente percibida.

## 10. PROTECCIÓN DE DATOS

Información sobre a política de protección de datos no [Portal de bolsas](#)

ÁMBITO- PREFIJO

**GEISER**

Nº registro

**U03800121s19N0000441**

CSV

**GEISER-b587-c498-74f2-4fdd-a50e-059f-a573-536b**

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN

**<https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida>**

FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO

**01/10/2019 13:47:04 Horario peninsular**

Validez del documento

**Original**

